



**MEMORIA DAS ACTIVIDADES
REALIZADAS POLO
INSTITUTO DE MEDICINA
LEGAL DE GALICIA
2008**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	2
MEMORIA DE ACTIVIDADES	4
SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE	4
SERVIZO DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE	17
ACTIVIDADES DOCENTES E INVESTIGADORAS DO IMELGA	28

INTRODUCCIÓN

Os médicos forenses de Galicia estamos agrupados funcionalmente no Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio.

O IMELGA depende organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que apostou por levar a cabo unha profunda reforma estrutural da medicina forense da nosa Comunidade Autónoma, que a fixo, en primeiro lugar, máis racional á hora de traballar e, en segundo lugar, con maiores recursos humanos, materiais e científicos, que nos permiten, deste xeito, resolver os desafíos cada vez máis complexos que a sociedade na que nos tocou vivir, imponnos.

O ámbito territorial do Instituto é o da Comunidade Autónoma de Galicia. Ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. Polo tanto, a partir da posta en marcha desta institución, os médicos forenses deixaron de estar adscritos nominalmente aos xulgados, para pasar a estar agrupados funcionalmente nas distintas subdireccións do IMELGA, desde onde realizan todas as tarefas encomendadas nos diferentes xulgados que forman a súa demarcación.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia é un órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza, que ten como función auxiliar os xulgados, tribunais, fiscalías e

oficinas do Rexistro Civil en materia de medicina forense, de cara a conseguir unha mellor xustiza para o cidadán.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia é o único instituto de medicina legal de España que adoptou unha sectorización na distribución de tarefas e de materias dentro da medicina forense, o que garante unha maior profundidade de coñecementos nun determinado campo da medicina, abandonando, por fin, o concepto do médico forense como home renacentista que tiña que saber de todo, situación que choca frontalmente coas directrices que o rigor da ciencia actual impón.

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de ese mesmo ano, foron atendidos no Instituto de Medicina Legal de Galicia, 45.238 casos en total: 2.016 casos no Servizo de Patoloxía Forense, e 43.274 casos no Servizo de Clínica Médico-Forense.

Se temos en conta que o ano pasado entre os meses de abril a decembro foron atendidos 28.215 casos, o incremento real do ano 2007 fronte o anterior é dun 22%.

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE:

No Servizo de Patoloxía Forense do IMELGA fixéronse 1.931 autopsias, das que 1.028 (53'3%) foron por mortes violentas, e 903 (46'7%), por causas naturais (Figura nº 1).




Figura nº 1

Das mortes violentas, 699 (68%) foron accidentais, 305 (29'6%), suicidas e 24 (2'4%), homicidas (Figura nº 2). Destas cifras merece a pena destacar un incremento do 20'7% nos casos de homicidio na nosa Comunidade Autónoma.




Figura nº 2

Dentro das causas de morte violenta, destaca en frecuencia a producida por traumatismos, seguidas das asfixias mecánicas. Mais alonxadas quedan as mortes por reacción adversa a sustancias psicoactivas, intoxicacións, queimaduras, feridas por arma branca, as feridas por arma de fogo, e, por último as lesións eléctricas (Figura nº 3). No presente ano cabe destacar unha diminución moderada da modalidade traumática fronte a un lixeiro incremento das asfixias mecánicas e intoxicacións.




Figura nº 3

Das mortes autopsiadas por causas naturais, 886 (98'1%) foron de adultos, 4 (0'4%) no período perinatal y 13 (1'4%) corresponderon ao período infantil (Figura nº 4).

Dentro das causas de morte natural nos casos autopsiados no Servizo de Patoloxía Forense do IMELGA, destaca en primeiro lugar a patoloxía cardio-vascular con una porcentaxe do 70'9%. O resto das patoloxías representan uns valores porcentuais moito menos significativos (Figura nº 5): Patoloxía respiratoria (7'2%), patoloxía neurolóxica (6'8%). Un 4'1% do total dos casos (37) foron catalogados coma mortes indeterminadas. Este termo utilízase naqueles casos de morte natural que despois de realizar a autopsia e todas as probas complementarias non podemos determinar a ciencia certa a causa de morte. A bibliografía médica contempla que cifras que oscilan entre o 10% e o 15% de casos de morte indeterminada poden considerarse normais nunha serie determinada. Polo tanto a cifra que nos presentamos na nosa serie (4'1%) pódese considerar como un detector de calidade do Servizo de Patoloxía do Instituto de Medicina Legal de Galicia.




Figura nº 4




Figura nº 5

Por Subdireccións territoriais, o número total de autopsias queda reflectido na figura nº 6.

Na figura nº 7 pode observarse a distribución de casos de mortes violentas e de mortes naturais entre as autopsias realizadas nas subdireccións territoriais do IMELGA.




Figura nº 6




Figura nº 7

En cuanto a etiología médico-legal das mortes violentas autopsiadas, destaca en primeiro lugar os accidentes, seguidos polos casos de suicidios e, por último, dos homicidios (Figura nº 8), agás no Subdirección de Ferrol no que o número de mortes por accidentes e suicidios é o mesmo.




Figura nº 8

En termos porcentuais cabe subliñar os homicidios ocorridos en Pontevedra, o que representa o 5'8% das autopsias de morte violenta realizadas nesa Subdirección, e os de Ferrol con un 5%, fronte o 2'2% de Santiago, o 2'05% de A Coruña, o 2 % de Lugo, o 1'1% de Vigo, e o 0'6% de Ourense.

Ferrol é a Subdirección onde a porcentaxe de suicidios en relación as mortes violentas autopsiadas é maior (47'5%), seguido da de Pontevedra (32%), Vigo (31'7%), Santiago (28'9%), Lugo e Ourense (27'4%) e por último A Coruña (23'3%).

O número total de suicidios ocorridos en Galicia durante o ano 2008 podemos observar que diminuíron un 3'6% (Táboa nº 1). Si facemos un estudio por Subdireccións do Imelga, observamos un importante incremento de casos nas áreas de Santiago e Ferrol, sendo menos Lugo, e menor na de Pontevedra.

TERRITORIO	NÚMERO DE SUICIDIOS		
	2006	2007	2008
DIRECCIÓN DE SANTIAGO	64	39	51
SUBDIRECCIÓN DE A CORUÑA	68	68	46
SUBDIRECCIÓN DE FERROL	33	27	38
SUBDIRECCIÓN DE PONTEVEDRA	28	34	33
SUBDIRECCIÓN DE VIGO	57	51	55
SUBDIRECCIÓN DE LUGO	31	53	40
SUBDIRECCIÓN DE OURENSE	24	44	42
	305	316	305

Táboa nº 1

Porén, si analizamos a taxa de suicidios por subdireccións, é, a diferenza do ano pasado, a de Ferrol a que representa una taxa maior, seguida da Subdirección de Santiago, e con unha diminución mais alonxada as de Pontevedra e Vigo, tal como queda reflectido na táboa nº 2.

Chama así mesmo a atención a diminución desta taxa nas Subdireccións de a Coruña, e Lugo neste ano, e, por contra, a de Ourense que presenta cifras superpoñibles ao ano pasado.

TERRITORIO	TAXA DE SUICIDIOS POR 100.000 HABITS.		
	2006	2007	2008
DIRECCIÓN DE SANTIAGO	4'3*	8'8	11'4
SUBDIRECCIÓN DE A CORUÑA	12'3*	12'4	8'3
SUBDIRECCIÓN DE FERROL	17'2*	13'9	19'4
SUBDIRECCIÓN DE PONTEVEDRA	8'1*	8'8	9'7
SUBDIRECCIÓN DE VIGO	11*	9'7	10'5
SUBDIRECCIÓN DE LUGO	12'1*	14'8	11'2
SUBDIRECCIÓN DE OURENSE	7*	12'9	12'4

*TAXA AXUSTADA A TODO O ANO 2006

Táboa nº 2

Un estudio especial, dentro do campo da Patoloxía Forense, merecen os accidentes de tráfico ocorridos na nosa Comunidade Autónoma. Temos que aclarar que, a diferenza doutras fontes que se barrallan nas estatísticas, as nosas cifras recollen a realidade deste dato xa que, por unha banda, somos os únicos que contabilizamos como accidente de tráfico aquelas mortes ocorridas por tal causa, aínda que estivesen varios días no hospital previo ao deceso, e por outra, porque recolleemos tanto os casos que ocorren nas estradas, competencia da Garda Civil de Tráfico, como nas rúas dos grandes núcleos urbáns, competencia das Policía Localis.

No período entre o día 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2.008, contabilizamos un total de 253 mortes ocorridas por accidentes de tráfico en Galicia, con una distribución polas Subdireccións Territoriais do IMELGA que queda reflectida na figura nº 9.

É importante destacar que salvo na subdirección de Ourense que houbo un pequeno repunte dos accidentes mortais de tráfico, o resto das Subdireccións proxectaron cifras sensiblemente menores ás recollidas o ano pasado.

De feito podemos asegurar que na nosa Comunidade Autónoma o número de mortes ocorridas en accidentes de tráfico no ano 2008 sufriu unha diminución do 32'4% en relación ás cifras obtidas no ano anterior.




Figura nº 9

Tal como se observa na figura nº 10, a distribución por idades non ten un patrón uniforme, se non que fai un pico moi notorio nos intervalos comprendidos entre os 20 e os 44 anos. Neste intervalo ocorriron 103 mortes, o que corresponde ao 40'8% das mortes totais. Temos que chamar a atención que si ben este intervalo é o que presenta o maior número de casos, as cifras deste ano son practicamente iguais ás do ano anterior.

Chama a atención que mentres no intervalo de idade entre os 20 e os 40 anos o número de mortes en accidente de tráfico diminúe, nos grupos de idade comprendida entre os 55 anos e os 69 anos, experimentan un incremento mais ou menos considerable, sendo este incremento moi considerable no intervalo de 65-69 anos.




Figura nº 10

Da mesma maneira, a distribución ao longo dos meses do ano tampouco segue unha frecuencia lineal, observándose unha maior mortalidade por esta causa nos meses de abril, xullo, outono e decembro, con 102 casos, o que representa o 40'3% do total das mortes (Figura nº 11).




Figura nº 11

Merece a pena resaltar o importante descenso de casos durante os meses de xuño, xullo e agosto, froito, quizás das medidas postas en marcha na campaña de vacación de verán.

Unha cuestión interesante, que queda respaldada pola bibliografía recollida, é a distribución da modalidade de accidente en relación coa idade da vítima. Así na figura número 12 podemos observar que no intervalo entre os 15 e 34 anos, a inmensa maioría das vítimas prodúcense en casos por colisión. Desde esta idade a frecuencia vai diminuindo progresivamente. Porén os casos de atropelo teñen cifras significativas entre os 0 e os 14 anos, descendendo a continuación, para alcanzar outro pico a partires dos 65 anos.




Figura nº 12

É importante destacar que o 32'1% de todas as vítimas de accidentes de tráfico presentaban cifras de alcohol en sangue por riba dos límites permitidos legalmente. O intervalo de idade comprendido entre os 51 e 60 é o que presenta unha porcentaxe maior de alcoholemias positivas.

O 8'5% das vítimas estaban baixo a influencia de sustancias psicoactivas.

Dentro do Servizo de Patoloxía Forense creouse a Unidade de Antropoloxía Forense (UAF), ubicada en dependencias do Hospital Fundación Pública Verín.

Os ámbitos de actuación da UAF son:

-Escea do crime: Mediante a aplicación de novas tecnoloxías, coma a utilización dos chamados Sistemas de Teledetección Cercana (xeorradar, sondas ecográficas...) localizadores XPS, detectores de metais, novas ferramentas de análise de imaxe con capacidade de reproducir a escea do crime a escala real en 3D (Fotogrametría) e a dedicación de profesionais de Medicina Forense e da Universidade de Vigo con formación nestes eidos.



-Estudios de restos óseos: Dispónse dun laboratorio básico, aínda que completo, para o estudo dos restos óseos humanos que aparecen no contexto xudicial de Galicia. O laboratorio dispón de radioloxía convencional, Scanner multicorte, análise química da terra e laboratorios concertados para a realización dos análises xenéticos.



-Catástrofes e accidentes de múltiples vítimas: A experiencia acumulada por o responsable da Unidade no atentado do 11 M e outras intervencións, vai permitir dispor dun servizo de protocolización e de asistencia médico-forense e axuda a identificación neste tipo

de traxedias. A nosa Unidade pode mobilizarse de forma inmediata en casos de catástrofes ou accidentes de múltiples vítimas.

CASOS ESTUDADOS:

Os casos asumidos pola UAF no ano 2008 foron os seguintes:

CASO	Entrada	Origen	Horas empleadas	Salida	Tipo de actividad	Otros datos
1/08	11-3-08	Direccion IMELGA	850	14-11-06	Investigacion	Aproximacion Facial
2/08	16-5-08	IMELGA Vigo	6	26-5-08	Pericial	Identificacion
3/08	5-6-08	Juzgado Celanova	35	23-6-08	Pericial	Incendio
4/08	11-6-08	Direccion IMELGA	10	-	Difusion-Asesoramiento	Colaboracion E.Argentino Antropologia Forense
5/08	24-7-08	Juzgado Lugo 2	85	12-9-08	Pericial	Identificacion en estudio
6/08	14-8-08	Juzgado Ponteareas 3	16	22-9-08	Pericial	Restos óseos vertedero
7/08	9-9-08	Juzgado Ferrol 2	45	6-10-08	Pericial	Homicidios
8/08	29-9-08	Direccion IMELGA	18	-	Investigacion	Convenio Conselleria Cultura Memoria Historica
9/08	13-11-08	Direccion IMELGA	4	-	Asesoramiento	Borrador RD catastrofes
10/08	26-10-08	Juzgado Ourense 3	18	24-11-08	Pericial	Restos oseos vertedero
11/08	2-12-08	Conselleria Cultura	87	13-4-09	Investigacion	Foxa Xinzo-Ponteareas
12/08	23-12-08	Arqueologo	-	-	Investigacion	Restos humanos epoca romana

SERVIZO DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE

No Servizo de Clínica Médico-Forense realizáronse un total de 45.052 peritaxes: 30.428 casos foron vistos en Valoración do Dano Corporal, o que corresponde ao 67'5%; 5.238 casos (11'6%), foron explorados en Psiquiatría Forense; 1.399 casos (3'1%) foron estudados na sección de Psicoloxía; 998 (2'2%), en Traballo Social; 3.690 casos (8'2%) foron consecuencia da actuación do servizo de garda, e 3.299 informes (7'3%) catalogados como "outros" (Figura nº 12). Dentro deste grupo destacan os informes realizados por presuntas negligencias médicas que contabilizaron un total de 108 casos.




Figura nº 12

O número de casos atendidos na Dirección e nas distintas Subdireccións do IMELGA pódese ver na figura nº 13.




Figura nº 13

Na figura nº 14 especifícanse os casos totais vistos no Imelga, dentro do eido da Valoración do Dano Corporal. Como se pode apreciar na gráfica, a maior porcentaxe corresponde as consultas realizadas por mor de accidentes de tráfico (47'1%), seguido das producidas por agresións (36'6%). As outras modalidades quedan porcentualmente bastante alonxadas. Os casos de violencia de xénero atendidos nas nosas Clínicas foron 1.470, que corresponde ao 5'9% de todos os casos de Valoración do Dano Corporal.

Como pose observarse, hai en lixeiro incremento nas modalidades de accidentes de tráfico, laborais, casuais e nos casos de violencia de xénero. Os casos de agresión estabilizáronse.




Figura nº 14

Dentro da Psiquiatría Forense, Psicoloxía e Traballo Social realizados no Imelga, a distribución dos motivos das consultas quedan reflectidos nas figuras nº 15, 16 e 17.




Figura nº 15




Figura nº 16




Figura nº 17




Figura nº 18

No Servizo de Garda no ano 2008 houbo un pequeno descenso nos casos de consultas aos detidos e nos internamentos, e un incremento nos levantamentos de cadáver e nos casos de agresións sexuais, que ascenderon un 24'2% (Figura nº 18). En ningún destes casos detectouse unha posible sumisión química.

Un estudio especial merecen os casos de violencia de xénero atendidos no Imelga durante o ano 2008. Neste periodo contabilizamos 1.470 casos de violencia de xénero, atendidos nas consultas de Clínica xeral, o que supón un incremento do 16% dos casos contabilizados no ano anterior. Algúns destes casos, debido a súa gravidade, foron enviados as Unidades de Valoración Forense Integral de Violencia de Xénero, para un estudio multidisciplinar mais pormenorizado.

Dos casos estudados no IMELGA, pódense extraer os seguintes datos epidemiolóxicos:

TIPOLOXÍA DAS VÍTIMAS

1. IDADE:

	2006	2007	2008
15-20	2%	0%	5%
21-30	24%	18%	26%
31-40	36%	36%	22%
41-50	24%	27%	26%
51-60	6%	0%	16%
> 60	8%	19%	5%

2. ESTADO CIVIL:

	2006	2007	2008
Solteira	26%	9%	26%
Casada	38%	55%	42%
Separada/divorciada	32%	36%	22%
Viúva	4%	0%	10%

3. NIVEL DE ESTUDOS:

	2006	2007	2008
Primarios	46%	73%	47%
Secundarios	38%	18%	31%
Universitarios	16%	9%	22%

4. TRABALLO:

	2006	2007	2008
Sen relación laboral	16%	26%	53%
Non cualificado	54%	46%	31%
Cualificado	18%	18%	16%
En activo	46%	45%	89%
En paro	54%	55%	11%

5. ANTECEDENTE MÉDICOS PSIQUICOS:

	2006	2007	2008
Depresión	56%	38%	46%
Psicoses	18%	5%	6%
Deficiencia mental	4%	6%	5%
Consumo de drogas de abuso	10%	27%	15%
Outros	2%	9%	8%
Sen patoloxía	10%	21%	20%

6. TIPO DE RELACIÓN:

	2006	2007	2008
Matrimonio ou asimilado	84%	96%	84%
Noivos	16%	4%	16%

7. FILLOS:

	2006	2007	2008
Fillos comúns	54%	82%	76%
Fillos non comúns	46%	18%	24%

8. OUTROS CONVIVINTES:

	2006	2007	2008
Familiares do home	6%	9%	5%
Familiares da muller	4%	12%	10%
Sen familiares	90%	79%	85%

9. ANOS DE RELACIÓN DA PARELLA:

	2006	2007	2008
< 1	8%	27%	37%
2-5	32%	9%	22%
6-10	18%	18%	8%
11-20	22%	28%	7%
21-30	10%	9%	16%
31-40	8%	2%	9%
> 40	2%	8%	1%

10. SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO MOMENTO DA DENUNCIA:

	2006	2007	2008
Conviven	22%	37%	42%
Non conviven	78%	63%	58%
En trámite de separación	22%	12%	5%

11. COMENZO DO MALTRATO CON RELACIÓN AO INICIO DA PARELLA:

	2006	2007	208
< 1 mes	24%	28%	22%
5-6 mes	10%	27%	30%
6-12 meses	16%	1%	5%
1-5 anos	36%	26%	21%
6-10 anos	6%	8%	5%
11-15 anos	4%	1%	4%
16-20 anos	2%	1%	3%
> 20 anos	2%	8%	10%

12. FRECUENCIA DAS AGRESIÓNS:

	2006	2007	2008
Diario	32%	9%	16%
Semanal	26%	37%	24%
Quincenal	8%	34%	27%
Mensual	10%	16%	18%
Semestral	4%	1%	3%
Episódica	10%	2%	7%
Única	10%	1%	5%

13. TIPO DE MALTRATO PREVIO REFERIDO E A SUA GRAVEDADE:

	2006	2007	2008
Psíquico	51%	46%	50%
Físico	44%	48%	45%
Sexual	5%	6%	5%
Leve	78%	82%	66%
Moderado	17%	9%	32%
Grave	5%	9%	2%

14. ASISTENCIA RECIBIDA-RECLAMADA PREVIAMENTE:

	2006	2007	2008
Médica	30%	32%	32%
Psicolóxica	26%	23%	15%
Social	6%	2%	5%
Acollemento	2%	1%	1%
Nengunha	36%	42%	42%

15. TIPO DE AGRESIÓN ACTUAL DENUNCIADA:

	2006	2007	2008
Só psíquica	8 %	10%	9%
Física-psíquica	92%	85%	88%
Sexual	0%	5%	3%
Leve	92%	81%	93%
Moderada	6%	18%	5%
Grave	2%	1%	3%

16. LOCALIZACIÓN CORPORAL MAIS FRECUENTE:

	2006	2007	2008
Cabeza	42%	40%	47%
Membros superiores	24%	36%	43%
Membros inferiores	12%	8%	5%
Tronco	22%	16%	5%

17. ASISTENCIA RECIBIDA-RECLAMADA NO XULGADO

	2006	2007	2008
Médica	72%	90%	88%
Psicolóxica	12%	4%	5%
Social	0%	3%	5%
Ningunha	16%	3%	2%

18. DENUNCIA:

	2006	2007	2008
Primeira denuncia	84%	90%	90%
Denuncias previas	16%	9%	10%
Denuncias retiradas	14%	9%	26%
Denuncias previas de outras parellas	4%	0%	5%
Condenas	8%	9%	5%

19.-NACIONALIDADE

	2006	2007	2008
Española		72%	69%
Extranxeira		28%	31%

De todos estes datos poden extraerse as seguintes consideracións:

-Hai un descenso de agresións denunciadas no intervalo de idade de 31 a 40 anos e por riba dos 60 anos. Porén observamos un incremento de casos nos intervalos de 21 a 30 anos e de 51 a 60.

-Aumentan os casos denunciados por mulleres solteiras e diminúen as denuncias de mulleres casadas ou situación asimilada (55% - 42%).

-Diminúen as denuncias por este tipo de agresión nas persoas con estudos primarios (73% - 47%) e increméntanse considerablemente entre as mulleres con estudos universitarios (9% - 22%).

-Aumentan os casos con antecedentes psiquiátricos previos e descenden os antecedentes de consumo de drogas e sen patoloxía.

-Hai un descenso de mulleres casadas ou en situación asimilada no momento da agresión (96% - 84%) e un incremento considerable de casos na etapa de noivos (4% - 16%).

-Diminúen os casos de violencia de xénero nos casos das familias que conviven con familiares.

-O 52% de casos de agresións prodúcense nos primeiros seis meses de convivencia da parella. Por outra banda, increméntase o número de casos con 20 ano ou máis de relación (9% - 13%).

-Aumenta o número de mulleres que sofren agresión a diario (9% - 16%).

-Mantense o número de casos que non reciben nen solicitan asistencia previa (42%), o mesmo que o número de mulleres que non solicitan axudan no xulgado.

-O 69% dos casos de violencia de xénero estudados no Instituto de Medicina Legal de Galicia corresponderon a mulleres españolas. Crece o número de mulleres estranxeiras atendidas de un 28% no ano 2007 a un 31% no 2008.

ACTIVIDADES DOCENTES E INVESTIGADORAS DO IMELGA

Durante o ano 2009 o Instituto de Medicina Legal de Galicia participou nas seguintes actividades docentes e investigadoras:

1.-Estivo presente no III CONGRESO LUSO-GALAICO SOBRE AVANCES EN DROGODEPENDENCIAS, celebrado en Santiago, ao que levou varios traballos.

2.-Participou na elaboración do “PROTOCOLO DE DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO DAS INFECCIÓNS DE TRANSMISIÓN SEXUAL” levada a cabo pola Xerencia de Procesos Médicos da Área de Ferrol.

3.-Formou parte dos poñentes das XXXV XORNADAS NACIONALES DE SOCIODROGALCOHOL, celebradas A Coruña.

4.-Participou no Curso ‘Actualización en Antropología Forense’ coa ponencia ‘*Nuevas tecnologías en la investigación de la escena del crimen en Antropología Forense*’, organizado polo Centro de Estudios Jurídicos en Madrid.

5.-Estivo presente no Workshop in Forensic Anthropology organizado pola Forensic Anthropology Society of Europe (FASE) na Universidade Complutense de Madrid

6.-Participou no proxecto “ESTUDO NECRÓPSICO-TOXICOLÓXICO DAS MORTES PRODUCIDAS POR REACCIÓN AGUDA ÁS DROGAS DE ABUSO”, financiado polo Plan de Drogas de Galicia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

7.-Presentou o traballo *Forensic facial approximation: a case report* en el Triannual Forensic Anthropology Society of Europe Meeting celebrado en Edimburgo en setembro de 2008.

8.-Participou no estudo dos factores epidemiolóxicos nas mortes ocorridas en feitos de tráfico, encargado polo Goberno galego á Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que tamén colabora o Destacamento da Unidade de Tráfico da Garda Civil.

9.-Continúa unha liña de investigación para o estudo dos marcadores de vitalidade nos casos de submersión.

10.- Realizó o traballo fundamental de reconstrucción facial de tres cráneos do Concello de A Coruña que conformaron a base da exposición ‘*ROSTROS BRIGANTIUM*’

11.-Firmouse un convenio entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para que o Imelga faga dous estudos para o Plan de Drogas de Galicia, no eido das drogodependencias:

11.1.-Estudo retrospectivo para determinar o perfil do drogodependente susceptible de sufrir unha morte por reacción aguda a sustancias psicoactivas.

11.2.-Implantación do Indicador de Urgencias no estudo das drogodependencias na nosa Comunidade Autónoma.

12.-Continúa a estudar a evolución e cronoloxía dos traumatismos cráneoencefálicos.

13.- Na Primeira Xornada Científica da Asociación Española de Antropoloxía e Odontoloxía Forense celebrada en Madrid na Universidade Camilo José Cela presentou o

traballo titulado “*Experiencia en técnicas de aproximación facial forense. Aplicaciones en la identificación humana individual*”, que mereceu o Primeiro Premio á Mellor Comunicación Oral presentada.

13.- Continúase a liña de investigación, xunto coa empresa Trabeculae do Parque Tecnolóxico de Ourense, para o estudo da “UTILIDADE DA MICROTOMOGRÁFIA COMPUTERIZADA NA INVESTIGACIÓN DA VITALIDADE DAS LESIÓNS ÓSEAS NO ÁMBITO DA ANTROPOLOXÍA FORENSE”.

14.- Outra liña de investigación que continúa pretende definir a “APLICACIÓN DA FOTOGRAMETRÍA, LASES-SCANNING E XEORRADAR Á INVESTIGACIÓN DA ESCEA DO CRIME EN ANTROPOLOXÍA FORENSE”, en colaboración con profesorado da Área de Coñecemento de Enxeñería Cartográfica da Universidade de Vigo.

15.-Participou no grupo de expertos nomeado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, para a Recuperación da Memoria Histórica.

16.-Publicou traballos de investigación tanto en revistas nacionais coma internacionais.

17.-Participou no XVI CURSO DE ACTUALIZACIÓN EN PSIQUIATRÍA, “EL MUNDO PARANOIDE”, coa ponencia “Paranoia e Ley”, que se celebrou en Vitoria-Gasteiz en marzo do 2008.

18.-Participou no curso 2007-2008 da Escola de Práctica Xurídica.

19.-Participou no curso de formación para de Residentes do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

20.-Acordos de colaboración: O IMELGA firmou acordos de colaboración para a realización de prácticas no noso Instituto coas seguintes institucións:

- **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O IES “LAMAS DE ABADÉ (SANTIAGO)” E O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA (IMELGA), PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO**
- **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O IES “FOGAR PROVINCIAL PRÍNCIPE FELIPE (PONTEVEDRA)” E O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA (IMELGA), PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO.**
- **CONCERTO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL E GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE TRABALLO SOCIAL.**
- **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O IES “FOGAR PROVINCIAL PRÍNCIPE FELIPE (PONTEVEDRA)” E O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA (IMELGA), PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO.**